



MOTIVAR A PARTICIPACIÓN EN ETWINNING

GUÍA ESENCIAL PARA EQUIPOS DIRECTIVOS

Servizo Nacional de Apoio eTwinning



O SNA eTwinning agradece a colaboración de María Isabel Pérez (Vicedirectora IES Bañaderos-Cipriano Acosta, Arucas) e Luis Zarco (Director CEIP El Santo, Alcázar de San Juan) na elaboración desta guía.

ÍNDICE

1. **Introducción**
2. **Beneficios para o centro educativo**
3. **Como empezar**
4. **Como crear equipos no centro**
5. **Rede de apoio**



1. INTRODUCCIÓN

Esta guía pretende axudar os equipos directivos a fomentar a participación dos claustros en proxectos eTwinning, así como dar unha resposta práctica a dúbidas que se poidan formular. Inténtase con ela animar os equipos directivos a que se impliquen en proxectos eTwinning, xa que consideramos que o seu compromiso é fundamental.

Este manual foi elaborado a partir da experiencia de cargos directivos e para isto utilizáronse algúns materiais dos quince webinarios que levaron a cabo durante dous anos e medio no grupo “Equipos directivos: innovando a través de eTwinning”. Neles participaron case 50 profesionais de distintos centros educativos de todo o país (membros de Equipos directivos de CEIP, CRAs, IES, CPIFP, Conservatorio, Centros de Educación Especial), inspectores de educación, asesores de formación e asesores técnicos do SEPIE e do Servizo Nacional de Apoio eTwinning, representantes eTwinning de distintas CCAA e outras autoridades. Desde aquí dámoslles as grazas a todos eles por compartir o seu traballo.



2. BENEFICIOS PARA O CENTRO EDUCATIVO

A participación dos centros educativos en eTwinning é moi beneficiosa para os centros educativos. Exponse aquí algunhas das razóns

- Internacionalización.
- Motivación e busca de socios para futuros proxectos Erasmus+. Pica [aquí](#) para tener máis información sobre proxectos eTwinning e Erasmus+.
- Recoñecementos nacionais e europeos: selos de calidade e premios a proxectos, [eTwinning schools](#).
- Fomento da interdisciplinabilidade.
- Consecución de obxectivos comúns (participación cidadá, igualdade de xénero, cambio climático...).
- Implicación das familias.
- Reforzo de Proxectos bilingües e plurilingües.
- Oportunidade de crear conciencia de centro desde a concepción de *liderado compartido*.
- Estímulo do espírito emprendedor en Formación Profesional.
- Formación para o profesorado.
- Colaboración con outros centros educativos.
- Visibilidade e promoción do centro.
- Fomento da cidadanía europea.



3. COMO EMPEZAR

Algunhas actuacións concretas que permiten dar a coñecer eTwinning e iniciar proxectos nos centros:

- Xornadas de presentación para a comunidade educativa.
- Dar a coñecer eTwinning ó profesorado a través dunha actividade de formación.
- Implicar o Claustro, informándoo de futuros proxectos e amosándolle os beneficios do traballo colaborativo en proxectos eTwinning.
- Informar as familias das vantaxes dos proxectos eTwinning.
- Crear un recanto eTwinning onde se informe e aclaren as diferentes dúbidas que poida ter o profesorado, o alumnado ou as familias.
- Incluír a dinamización eTwinning no labor dos equipos directivos.
- Informar o claustro da asignación horaria da Comunidade Autónoma por coordinación de proxectos
- Promocionar o desenvolvemento profesional dos docentes na plataforma eTwinning.
- Animar os membros do Claustro a asistir a sesións de formacións presenciais: talleres, xornadas, seminarios eTwinning convocatoria nacional de eventosformación.
- Contactar cun embaixador eTwinning que apoie na primeira etapa.
- Iniciar proxectos sinxelos para aprender o manexo da plataforma.



4. COMO CREAR EQUIPOS DE CENTRO

Para que haxa un impacto no centro, é fundamental que as actuacións e proxectos sexan apoiados desde os Equipos directivos. Aquí están algunhas ideas:

- Favorecendo e impulsando a dispoñibilidade por parte dun embaixador/a ou compañeiro/a para resolver dúbidas e axudar no que necesiten.
- Traballando en proxectos atractivos e que teñan que ver coa idiosincrasia do centro e a consecución de obxectivos.
- Creando proxectos de interese común e coa interdiscipliniedade como eixe vertebrador.
- Informando dos beneficios ó Claustro: recoñecemento de créditos de formación/ proxectos de innovación, oportunidades de desenvolvemento profesional, mellora da implicación e motivación do alumnado.
- Dinamizando sesións iniciais para o profesorado novo no centro, dando a coñecer os actuais e futuros proxectos eTwinning.
- Axilizando os trámites (altas na plataforma e visto e prace a proxectos).
- Implicando o profesorado participante en proxectos Erasmus+.



5. REDE DE APOIO

eTwinning conta cunha sólida rede de apoio a nivel rexional, nacional e internacional. É importante coñecer que posibilidades existen nos distintos niveis da Administración:

- Rede de [Embaixadores](#)
- [Representantes eTwinning](#) nas CCAA. Trátase de asesores técnicos de formación autonómicos vinculados a miúdo a programas de internacionalización e/ou innovación.
- Asesores de Centros de Formación de Profesorado que difunden a acción eTwinning e prestan axuda ós centros e ós novos equipos directivos.
- [Servizo Nacional de Apoio eTwinning.](#)